FINS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

- **Estar PRETO DA VECIÑANZA, para escoitar as súas demandas sociais.**
- **Estar PRETO DA VECIÑANZA, para analizar as dificultades que presentan e mobilizar os recursos sociais oportunos.**
- **Estar PRETO DA VECIÑANZA, para mellorar a súa calidade de vida.**

Por isto e por moito mais, os Servizos Sociais Comunitarios espéranlle nos seguintes PUNTOS DE ATENCIÓN:

- **CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS**, rúa Isaac Díaz Pardo 2-4 (Galeras). Tfno.: 981542465

  E mail: psocials.diversidades.saude@santiagodecompostela.gal
- **PASS CABES**, rúa Manuel María, 6— Salgueiriños. Tfno.: 981542465

  E mail: passcabes@santiagodecompostela.gal
- **PASS FONTIÑAS**, rúa Berlín, 13.— Fontiñas. Tfno.: 981542465

  E mail: passfontiñas@santiagodecompostela.gal
- **PASS ENSANCHE**, rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16. Tfno.: 981542465

  E mail: passensanche@santiagodecompostela.gal
- **PASS CONXO**, rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16. Tfno. Tfno.: 981542465

  E mail: passconxo@santiagodecompostela.gal



- Persoándose no **Centro Municipal de Servizos Sociais,** sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4 (Galeras).
- No teléfono **981-54.24.65.**
- A través da web **http://citapreviass.santiagodecompostela.gal**

SERVIZOS SOCIAIS
Santiago de Compostela

CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS

Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Zona de Galeras.
15705—Santiago de Compostela.

Tfno.: 981-54.24.65.
E mail: **ssociais@santiagodecompostela.gal**

SERVIZOS SOCIAIS



INFORMAN...

AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO SERVIZO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO PARA AS PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE OU QUE PRESENTAN LIMITACIÓNS PARA O USO DO TRANSPORTE COLECTIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

☛ **CONCEPTO:** axudas económicas, de carácter individual, que concede o Concello de Santiago de Compostela a persoas que a causa da súa discapacidade, enfermidade crónica, tratamento que reciba ou idade teñan dificultades para o uso do transporte público

☛ **PERSOAS BENEFICIARIAS:**

En liñas xerais poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas empadroadas e residentes no Concello de Santiago de Compostela, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a. Que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolles ou dificultándolles gravemente a utilización dos transportes públicos colectivos.

b. As persoas que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade igual ou superior ao 75 %.

c. As persoas sometidas a tratamentos periódicos, administrados dende calquera centro hospitalario da cidade, que acrediten mediante informe médico a non conveniencia de condución de vehículos e de uso do transporte público.

d. Persoas con discapacidade, residentes no contorno rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.

e. Persoas residentes no rural que, afectadas por unha determinada doenza, acrediten mediante informe médico que non están autorizadas a conducir, dadas as limitacións derivadas da menor frecuencia ás liñas de transporte público.

f. Persoas maiores, residentes no rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia das liñas de transporte público.

g. Persoas maiores residentes no contorno rural deste termo municipal, carentes de liñas de transporte público, que non dispoñan de vehículo particular.

☛ **REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES.**

a) Estaren empadroadas en Santiago de Compostela.

b) Atoparse nalgún dos seguintes supostos:

1. Ter recoñecida a condición de persoa con discapacidade, cun grao igual/superior ao 33 % e mobilidade reducida

2. Acreditar unha discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade diaria, nun grao igual ou superior ao 75 %.

3. Acreditar a necesidade de tratamento administrado en calquera centro hospitalario da cidade, que dificulte a condución ou o uso normalizado do transporte público.

4. Teren recoñecida a condición de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33 % e residir no con torno rural.

5. Estar afectados por unha doenza que impida a conde ción e resida no contorno rural, dadas as limitacións derivadas da menor frecuencia de liñas públicas.

6. Ter unha idade igual/ superior aos 65 anos e residir no rural.

c) Non dispor duns ingresos persoais superiores ao 300 % do IPREM anual.

CONTÍAS.

LÍMITE DE INGRESOS	CONTÍA MÁXIMA QUE SE CONCEDE
ATA O 150 % DO IPREM ANUAL (10.800 €)	350 €, pago único.
MÁIS DO 150 % (10.800,1€) E ATA O 250 % DO IPREM ANUAL (18.000 €)	250 €, pago único.
MÁIS DO 250 % (18.000,1 €) E ATA O 300 % DO IPREM ANUAL (21.600 €).	150 €, pago único.



BONOBÚS

☛ **MODALIDADES:**

- **Xubilados e pensionistas menores de 65 anos**
- **Persoas con discapacidade**
- **Carencia de recursos**

☛ **REQUISITOS:**

MODALIDADES	REQUISITOS
Pensionistas	• Estar empadroado no concello de Santiago de Compostela. • Ser pensionista.
Persoas con discapacidade	• Estar empadroado no concello de Santiago de Compostela. • Ter recoñecida unha discapacidade do 33 % ou mais.
Persoas con carencia de recursos	• Estar empadroado no concello de Santiago de Compostela. • Que o total de recursos económicos da unidade familiar de convivencia sexan iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

